



PROGRAMACIÓN DE CICLO

1º CICLO E.P.

CURSO 2013-2014

C.E.I.P. AGRO DO MUÍÑO

ORTOÑO, AMES, A CORUÑA



PROGRAMACIÓN DOCENTE. PRIMEIRO CICLO PRIMARIA

COMPOÑENTES:

Coordinador/a	Miguéns Otero M ^a Alicia	Ed. Física
Membros	Palacios García, M ^a Carmen	2º A
	Pena Blanco Ana L.	2º B
	Piñeiro Lorenzo E. Cristina	1º A
	González Marquina M ^a Dolores	1º B
	Rodríguez Otero, Amalia	Inglés

ÍNDICE

Páx

1.1 Coñecemento do medio natural, social e cultural	4
1.1.1 Obxectivos	4
1.1.2 Contribución dos obxectivos do área ao desenvolvemento das competencias básicas.	6
1.1.3 Contidos de primeiro curso	8
1.1.4 Contidos de segundo curso	10
1.1.5 Criterios de avaliación de primeiro curso	12
1.1.6 Criterios de avaliación de segundo curso	14
1.1.7 Criterios mínimos de avaliación do ciclo	16
1.1.8 Criterios de cualificación para a avaliación positiva na área de C. Do Medio	17
1.1.9 Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado	17
1.2 Educación Artística	18
1.2.1 Obxectivos	18
1.2.2 Contribución dos obxectivos do área ao desenvolvemento das competencias básicas.	20
1.2.3 Contidos de primeiro curso	23
1.2.4 Contidos de segundo curso	25
1.2.5 Criterios de avaliación de primeiro curso	29
1.2.6 Criterios de avaliación de segundo curso	30
1.2.7 Criterios mínimos de avaliación	31
1.2.8 Criterios de cualificación para a avaliación positiva na área de Ed. Artística	32
1.2.9 Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado	32
1.3. Educación Física	33
1.3.1 Obxectivos	33
1.3.2 Contribución do área de E.F. ao desenvolvemento das competencias básicas.	34
1.3.3 Contidos de primeiro curso	37
1.3.4 Contidos de segundo curso	40
1.3.5 Criterios de avaliación de primeiro curso	42
1.3.6 Criterios de avaliación de segundo curso	44
1.3.7 Criterios mínimos de avaliación do ciclo	45
1.3.8 Criterios de cualificación para a avaliación positiva na área de Ed. Física	46
1.3.9 Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado	46



1.4. Lengua Castellana y Literatura	47
1.4.1 Objetivos	47
1.4.2 Contribución de los objetivos del área al desarrollo de las competencias básicas.	48
1.4.3 Contenidos de primer curso	50
1.4.4 Contenidos de segundo curso	53
1.4.5 Criterios de evaluación de primer curso	55
1.4.6 Criterios de evaluación de segundo curso	57
1.4.7 Criterios mínimos de evaluación del ciclo	58
1.4.8 Criterios de calificación para la evaluación positiva en el área de Lengua	59
1.4.9 Procedimientos e instrumentos para la evaluación del aprendizaje del alumnado	59

1.5. Lingua galega	60
1.5.1 Obxectivos	60
1.5.2 Contribución dos obxectivos do área ao desenvolvemento das competencias básicas.	62
1.5.3 Contidos de primeiro curso	64
1.5.4 Contidos de segundo curso	67
1.5.5 Criterios de avaliación de primeiro curso	69
1.5.6 Criterios de avaliación de segundo curso	70
1.5.7 Criterios mínimos de avaliación do ciclo	72
1.5.8 Criterios de cualificación para a avaliación positiva na área de Lingua galega	73
1.5.9 Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado	73

1.6 Inglés	74
1.6.1 Obxectivos	74
1.6.2 Contribución dos obxectivos do área ao desenvolvemento das competencias básicas	75
1.6.3 Contidos de primeiro curso	77
1.6.4 Contidos de segundo curso	80
1.6.5 Criterios de avaliación de primeiro curso	83
1.6.6 Criterios de avaliación de segundo curso	84
1.6.7 Criterios mínimos de avaliación do ciclo	84
1.6.8 Criterios de cualificación para a avaliación positiva na área de Inglés	85
1.6.9 Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado	85



1.7. Matemáticas	86
1.7.1 Obxectivos	86
1.7.2 Contribución dos obxectivos do área ao desenvolvemento das competencias básicas	87
1.7.3 Contidos de primeiro curso	89
1.7.4 Contidos de segundo curso	92
1.7.5 Criterios de avaliación de primeiro curso	95
1.7.6 Criterios de avaliación de segundo curso	97
1.7.7 Criterios mínimos de avaliación do ciclo	98
1.7.8 Criterios de cualificación para a avaliación positiva na área de Matemáticas	99
1.7.9 Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado	99

1.8. Relixión	100
1.8.1 Obxectivos	100
1.8.2 Contribución dos obxectivos do área ao desenvolvemento das competencias básicas	102
1.8.3 Contidos de primeiro curso	103
1.8.4 Contidos de segundo curso	104
1.8.5 Criterios de avaliación de primeiro curso	105
1.8.6 Criterios de avaliación de segundo curso	106
1.8.7 Criterios mínimos de avaliación do ciclo	107
1.8.8 Criterios de cualificación para a avaliación positiva na área de Relixión	107
1.8.9 Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado	107

1.9 Avaliación do grao de consecución das competencias básicas	108
1.9.1. Criterios de promoción	109
1.10. Incorporación da educación en valores democráticos como contido transversal	109
1.11 Metodoloxía didáctica	110
1.12 Medidas de atención á diversidade	116
1.13 Medidas para o fomento da lectura	120
1.14 Acción titorial	122
1.15 Medidas para a incorporación das tics ao traballo de aula	122
1.16 Recursos didácticos	122
1.17 Actividades complementarias e extraescolares	123
1.18 Avaliación da programación	123
1.19 Anexos	126
1.19.1 Directrices e instrumentos para a Avaliación inicial	126



1.1 Coñecemento do medio natural, social e cultural

1.1.1 Obxectivos

- Adquirir e utilizar correctamente de forma oral e escrita, o vocabulario específico do área que permita o desenvolvemento da lectura comprensiva a través de textos sinxelos.
- Coñecer e valorar a importante achega da ciencia e a investigación para mellorar a calidade de vida e benestar dos seres humanos.
- Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos que son útiles para satisfacer determinadas necesidades humanas.
- Comportarse de acordo cos hábitos de saúde, coidado persoal e alimentación equilibrada que se derivan do coñecemento do corpo humano, respectando as diferenzas.
- Mostrar unha actitude de aceptación e respecto cara ás diferenzas individuais (idade , sexo...).
- Coñecer globalmente o seu corpo, afianzar a lateralidade, a percepción multisensorial e desenvolver a súa autonomía.
- Adquirir e desenvolver habilidades sociais que favorezan a participación en actividades de grupo adoptando un comportamento responsable, construtivo e solidario, respectando os principios básicos do funcionamento democrático.
- Participar en actividades de grupo respectando as normas e regras de convivencia (quendas de palabra, atención nas intervencións, achega de ideas e consideración das decisións e acordos tomados) e realizando as tarefas asignadas dunha forma responsable.
- Recoñecer as diferenzas e semellanzas entre grupos e valorar o enriquecemento que supón o respecto polas diversas culturas que integran o mundo sobre a base duns valores e dereitos universais compartidos.
- Recoñecer e apreciar a súa pertenza a certos grupos sociais (familia, escola, grupo de iguais) con características e trazos propios.
- Analizar algunhas manifestacións da intervención humana no medio, valorándoa criticamente e adoptando un comportamento na vida cotiá de defensa e recuperación do equilibrio ecolóxico.
- Recoñecer e describir algunhas das actuacións humanas máis visibles na súa contorna (edificios, coches, parques, etc.) e expresar a súa opinión sobre os aspectos positivos e os negativos destas intervencións.



- Valorar e respectar os diferentes traballos realizados na contorna próxima, como medio para conseguir mellor calidade de vida.
- Participar na conservación e mellora da contorna: manter limpo o seu ámbito espacial, coidar os obxectos materiais (persoais e comúns) e respectar aos animais e ás plantas.
- Identificar os principais elementos da contorna natural, social e cultural, analizando a súa organización, as súas características e interaccións e progresando no dominio de ámbitos espaciais cada vez máis complexos.
- Recoñecer, situar e representar espacialmente os elementos máis significativos do ámbito próximo á experiencia cotiá.
- Identificar os elementos principais da contorna natural da comunidade (paisaxe, fenómenos atmosféricos, e animais e plantas máis comúns).
- Recoñecer no medio natural, social e cultural, cambios e transformacións relacionados co paso do tempo e indagar algunhas relacións de simultaneidade e sucesión para aplicar estes coñecementos á comprensión doutros momentos históricos.
- Recoñecer na súa propia persoa e nos ámbitos da súa contorna familiar e escolar as transformacións provocadas polo paso do tempo.
- Ordenar cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utilizar para iso as unidades de tempo básicas: hora, día, mes e ano, así como coñecer a evolución que, co paso do tempo, prodúcese nalgúns aspectos da súa vida (cambios corporais, roupa, colexio, xogos, vacacións).
- Utilizar as nocións temporais que expresan duración, sucesión e simultaneidade e observar as manifestacións máis palpables destes cambios.
- Coñecer e valorar o patrimonio natural, histórico e cultural, respectando a súa diversidade e desenvolvendo a sensibilidade artística e o interese polo medio ambiente e a natureza, e colaborar activamente na súa conservación..
- Interpretar, expresar e representar feitos, conceptos e procesos do medio natural, social e cultural mediante códigos numéricos, gráficos, cartográficos e outros.
- Coñecer e interpretar feitos da vida cotiá a través de códigos sinxelos.
- Utilizar correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade (arriba-abaixo, dentro-fóra, dereita-esquerda, interior-exterior, etc.) e expresalas con debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados ou coñecidos.
- Identificar e resolver problemas sinxelos relacionados con elementos significativos da súa contorna natural e social, utilizando para iso estratexias de exploración de obxectos e situacións a través dos sentidos.



- Xerar o interese e a autonomía requiridos para buscar, recoller e analizar a información necesaria para resolver problemas sinxelos da contorna.
- Manifestar a súa capacidade de observación e o uso que fai de todos os sentidos para identificar formas e tamaños nos obxectos e para diferenciar os seres vivos dos inertes, recoñecendo as súas funcións básicas e superando os preconceptos polos que identifica ao ser vivo co que se move.
- Utilizar as tecnoloxías da información e a comunicación para obter información e como instrumento para aprender e compartir coñecementos, valorando a súa contribución a mellora das condicións de vida.
- Identificar algúns obxectos e recursos tecnolóxicos significativos no medio.
- Recoñecer a finalidade do uso de aparellos e máquinas próximos á súa experiencia (electrodomésticos, utensilios do fogar e escolares, coches, etc.) e valorar os aspectos positivos destes recursos tecnolóxicos.

1.1.2 Contribución dos obxectivos do área ao desenvolvemento das competencias básicas.

Competencia en comunicación lingüística

- Adquirir vocabulario referente ao colexio e á rúa.
- Ler e comprender un texto informativo sinxelo.
- Adquirir vocabulario referente aos alimentos.
- Expresar adecuadamente pensamentos, ideas e emocións.
- Ler, comprender e interpretar instrucións.
- Adquirir vocabulario referente ao coidado e ás partes do corpo humano.
- Adquirir vocabulario referente ás tradicións, á familia e a casa.
- Descifrar mensaxes ocultas seguindo unhas instrucións e interpretando uns códigos.
- Adquirir vocabulario referente aos mamíferos, ás aves e aos peixes.
- Obter e interpretar información.
- Fomentar o interese por resolver encrucillados, sopas de letras e adiviñas.
- Adquirir vocabulario referente ás plantas, ao auga, ao sol e ao aire.
- escoitar, expoñer e dialogar.
- Adquirir vocabulario referente aos fenómenos atmosféricos.
- Adquirir vocabulario referente aos medios de comunicación, aos medios de transporte e ás vacacións.



Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- Interpretar o mundo físico a través dos conceptos aprendidos.
- Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- Interpretar un plano sinxelo dunha casa.
- Contribuír a conservar unha contorna física agradable e saudable.
- Realizar observacións.
- Obter e interpretar información acerca do medio físico que lles rodea.
- Valorar a importancia de conservar o medio ambiente.
- Fomentar a importancia de ter un consumo de auga racional e responsable.
- Adoptar unha disposición para unha vida saudable.
- Fomentar a importancia de conservar o hábitat dos animais.

Competencia matemática

- Utilizar táboas de dobre entrada para traballar conceptos aprendidos.
- Empregar o cálculo para resolver enigmas ou problemas.
- Interpretar e expresar informacións con números.
- Poñer en práctica procesos de razoamento.

Tratamento da información e competencia dixital

- Iniciarse no uso do ordenador.

Competencia social e cidadá

- Coñecer sentimentos e emocións en relación cos demais.
- Aceptar normas de convivencia.
- Utilizar a lingua como destreza para a convivencia, o respecto e o entendemento.
- Comprender a realidade social na que se vive.
- Desenvolver uns hábitos de comportamento responsables.
- Desenvolver actitudes de diálogo e de resolución de conflitos.

Competencia cultural e artística

- Coñecer, valorar e respectar as tradicións.
- Contribuír a conservar e coidar o patrimonio cultural e artístico.

Competencia para aprender a aprender

- Verbalizar o proceso seguido na aprendizaxe: reflexionar sobre que e como se aprendeu.



Autonomía e iniciativa persoal

- Fomentar a adquisición e a interiorización de bos hábitos.
- Desenvolver habilidades sociais como respecto aos demais, cooperación e traballo en equipo.
- Elixir con criterio propio.
- Fomentar o desenvolvemento dunha actitude crítica ante a publicidade.
- Expresar gustos e preferencias.

1.1.3 Contidos de primeiro curso

A contorna e a súa conservación

- A contaminación e o coidado da natureza.
- O aire: utilidade.
- O tempo atmosférico.
- Usos do auga e o seu aproveitamento adecuado.
- A contaminación e o coidado da natureza.
- Alimentos: características básicas.
- O Sol.
- Observación dos trazos físicos principais da contorna.
- Observación de fenómenos atmosféricos da contorna.
- Identificación e clasificación dos seres vivos e das súas características principais.
- Elaboración de debuxos sobre situacións coñecidas do medio social e natural.

A diversidade dos seres vivos

- Os seres vivos: características.
- Os mamíferos.
- Mamíferos domésticos e salvaxes.
- Coidado dos animais.
- Aves: características.
- Peces: características
- As plantas: características e crecemento.
- Árbores, flores, hortalizas e froitos.
- Elementos da paisaxe. Paisaxe de interior e paisaxe de costa.
- Observación de animais e plantas.



A saúde e o desenvolvemento persoal

- Partes do corpo.
- Posicións corporais.
- A cara.
- As articulacións.
- Os sentidos: órganos e funcións.
- Normas de hixiene.
- Aseo persoal: utensilios.
- Pezas de vestir: funcións e usos en cada estación.
- A orde.
- A dieta equilibrada.
- Exploración do corpo e identificación das súas características, dos seus cambios e das súas habilidades.
- Identificación e aplicación de hábitos saudables e das normas básicas de convivencia.
- Respecto pola diversidade física e intelectual das persoas.
- Curiosidade por coñecer as características do corpo e os cambios que experimenta.

Persoas, culturas e organización social

- O colexio: a clase, os compañeiros, o material escolar.
- A familia: pais, fillos, avós, irmáns e netos.
- Os amigos.
- A casa: estancias.
- Tradicións e costumes.
- Profesións.
- Útiles de traballo.
- Profesións relacionadas coa construción.
- A rúa: características e mobiliario urbano.
- Educación vial.
- Convivencia na rúa.
- Medios de transporte: terra, mar e aire.
- Medios de comunicación: carta, teléfono, xornal, revista, radio e televisión.
- A publicidade.

Cambios no tempo

- Identificación dos días da semana.
- Identificación e clasificación dos meses do ano.



- Observación de fenómenos atmosféricos.
- Desenvolvemento de estratexias de recolleita de datos.
- Recoñecemento das estacións do ano.

Materia e enerxía

- A diversidade de materiais.
- Clasificación segundo criterios elementais: textura, cor, forma, etc.
- A reciclaxe de obxectos.

Obxectos, máquinas e tecnoloxías

- As máquinas e o movemento.
- Identificación das máquinas da contorna.
- Coñecemento dos elementos básicos dun ordenador.
- Clasificación dos aparellos e máquinas que se utilizan nas tarefas do fogar.
- Manipulación de ferramentas e máquinas sinxelas da propia contorna e de uso común.
- Exploración de obxectos e situacións a través dos sentidos.

1.1.4 Contidos de segundo curso

A contorna e a súa conservación

- Accións correctas e incorrectas para o coidado da natureza.
- A auga: lugares onde aparece.
- Ciclo de auga.
- Estados do auga.
- Fenómenos atmosféricos.
- Defensa da natureza.
- Usos do auga.

A diversidade dos seres vivos

- Seres vivos: características.
- Mamíferos: características.
- Mamíferos domésticos e salvaxes.
- Aves: características.
- Aves de curral e silvestres.
- Peixes: características.
- Peixes de río e de mar.
- Réptiles: características.
- Anfibios: características.
- Insectos: características.
- Animais herbívoros.



- Animais carnívoros.
- Animais omnívoros.
- Animais: letargo invernal e acubillo.
- Plantas: características.
- Tipos de plantas.
- Plantas aromáticas.
- Tipos de follas.
- Árbores de folla caduca e de folla perenne.
- Relevo e paisaxe.
- Paisaxe mariña.
- Montaña: partes.
- Identificación e clasificación de actividades humanas no ámbito laboral.
- Manipulación de ferramentas e máquinas sinxelas da propia contorna e de uso común.

A saúde e o desenvolvemento persoal

- Partes do corpo: cabeza, tronco e extremidades.
- A cara: partes.
- As articulacións.
- Os ósos e os músculos.
- Os sentidos.
- A saúde.
- Procesos de elaboración e conservación dos alimentos.
- Alimentos crus e alimentos cociñados.
- Orixe dos alimentos: vexetal e animal.
- Exploración do corpo e identificación das súas características, dos seus cambios e das súas habilidades.
- Exploración de obxectos e situacións a través dos sentidos.
- Identificación e aplicación de hábitos saudables e das normas básicas de convivencia.

Persoas, culturas e organización social

- A familia.
- A casa.
- Tradicións.
- Profesións.
- A localidade: o concello e os servizos públicos.
- Educación vial.
- Agricultura, gandería e pesca: útiles e ferramentas.
- Profesións relacionadas con estes sectores.



- Medios de comunicación.
- A publicidade.
- Medios de transporte.

Cambios no tempo

- O calendario.
- Ubicación no calendario de determinados acontecementos.
- Pasado, presente e futuro.
- Ubicación correcta dun feito no tempo.
- Os días, as semanas, os meses e os anos.
- Identificación de imaxes que representan o cambio cronolóxico na forma de vida.
- A historia: vivenda e útiles de uso cotián.
- A época das cavernas.
- A época dos castelos.
- A forma de vida actual.

Materia e enerxía

- A diversidade de materiais.
- Clasificación segundo criterios elementais: textura, cor, forma, etc.
- O ruído e a contaminación acústica.

Obxectos, máquinas e tecnoloxías

- Aparellos e máquinas.
- Inventos e descubrimentos.
- Identificación das características que definen un descubrimento e diferenciación entre invento e descubrimento.
- Os avances tecnolóxicos.
- Coñecemento dos elementos básicos dun ordenador.

1.1.5 Criterios de avaliación de primeiro curso

- Coñece globalmente o seu corpo, sitúase no espazo, actúa con autonomía en actividades básicas e demostra o coñecemento dos sentidos e das súas funcións.
- Manifesta a adquisición de hábitos de saúde e coidado corporal (ver, desvístese, pide ir ao aseo, utiliza artigos hixiénicos, lávase as mans antes e despois de comer, etc.).
- Mostra unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais de idade e sexo e, polo tanto, non rexeita nin discrimina a ninguén nos seus xogos e tarefas escolares.
- Mostra aceptación e respecto polas persoas de diferente sexo e idade nas súas conversacións orais.



- Participa nas actividades en grupo do colexio (xogos, conversacións, dramatizacións, postas en común, etc.).
- Respecta aos demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera o momento de intervención, aporta ideas, fai preguntas en relación co tema, etc.).
- Recoñece as relacións simples de parentesco, coñece os seus apelidos e expresa o seu recoñecemento e aprecio pola pertenza a unha familia con características e trazos propios.
- Manifesta, en diferentes situacións, a súa satisfacción pola súa pertenza a un grupo de clase, ao colexio, a un equipo deportivo, etc.
- Identifica as diferenzas e semellanzas cos grupos de pertenza dos seus iguais (veciños, curmáns, compañeiros, etc.).
- Interésase polas características doutros grupos sociais, respectando as súas peculiaridades e os seus trazos (de persoas coas que convive, de compañeiros, de veciños, etc.).
- Identifica e describe algunhas das actuacións humanas máis visibles na súa contorna (edificios, coches, parques, etc.).
- Recoñece os efectos -positivos e negativos- das actuacións humanas na contorna física e expresa a súa opinión sobre iso.
- Participa na conservación e mellora da contorna (recolle papeis e lixos, coida os obxectos persoais e os comúns, respecta os animais e as plantas, etc.).
- Ordena cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utiliza para iso as unidades básicas de tempo: hora, día, mes e ano.
- Expresa verbalmente o seu coñecemento sobre a evolución dalgún aspecto significativo da súa vida (cambios corporais, roupa, xogos, colexio, vacacións, etc.) e aporta datos que demostran a comprensión desta evolución.
- Recoñece os elementos principais da paisaxe da súa comunidade autónoma (relevo, augas, etc.).
- Identifica e describe oralmente os fenómenos meteorolóxicos (choiva, neve, trono, raio, etc.).
- Recoñece e describe con palabras ou con debuxos algún animal e algunha planta comúns na súa contorna.
- Realiza observacións dos elementos principais da contorna, seguindo as pautas marcadas polo profesor ou a profesora.
- Utiliza correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade (arriba-abaxo, dentro-fóra, dereita-esquerda, interior-exterior, etc.).
- Representa as nocións topolóxicas básicas con debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados e coñecidos.



- Coloca en debuxos que representan espazos moi coñecidos (habitación, aula, etc.) e rutas habituais (camiño do colexio, do parque, etc.) obxectos que previamente explorou a través dos sentidos para identificar formas e cores.
- Manifesta a súa capacidade de observación e o uso que fai dos sentidos para diferenciar os seres vivos dos inertes.
- Recoñece, coa axuda do profesor ou a profesora, as funcións básicas que caracterizan aos seres vivos e adquire algunhas características dos mesmos.
- Describe os traballos das persoas da súa contorna e identifica as actividades familiares e escolares e as profesións máis frecuentes, relacionando o nome dalgunhas profesións co tipo de traballo que realizan.
- Manipula aparellos sinxelos ou xoguetes, empregando procedementos básicos como perforar, enroscar, montar, desmontar, apertar, afrouxar, pechar, etc., e mostra destreza suficiente nestas operacións.
- Utiliza instrumentos adecuados para realizar diversas actividades con obxectos e materiais diferentes.
- Recoñece a utilidade de aparellos e máquinas próximos á súa experiencia, por exemplo, electrodomésticos, grampadoras, tesoiras, coches, barcos, etc.
- Valora os aspectos positivos do uso de aparellos e máquinas, como a axuda que prestan no traballo e as dificultades que suscita a súa carencia.

1.1.6 Criterios de avaliación de segundo curso

- Coñece globalmente o seu corpo, sitúase no espazo, actúa con autonomía en actividades básicas e demostra o coñecemento dos sentidos e das súas funcións.
- Manifesta a adquisición de hábitos de saúde e coidado corporal (ver, desvítese, pide ir ao aseo, utiliza artigos hixiénicos, lávase as mans antes e despois de comer, etc.).
- Mostra unha actitude de aceptación e respecto ante as diferenzas individuais de idade e sexo e, polo tanto, non rexeita nin discrimina a ninguén nos seus xogos e tarefas escolares.
- Mostra aceptación e respecto polas persoas de diferente sexo e idade nas súas conversacións orais.
- Participa nas actividades de grupo do colexio (xogos, conversacións, dramatizacións, postas en común, etc.).
- Respecta aos demais e as normas establecidas (escoita as intervencións, espera o momento de intervención, aporta ideas, fai preguntas en relación co tema, etc.).
- Recoñece as relacións simples de parentesco, coñece os seus apelidos e expresa o seu recoñecemento e aprecio pola pertenza a unha familia con características e trazos



propios.

- Manifesta, en diferentes situacións, a súa satisfacción pola súa pertenza a un grupo de clase, ao colexio, a un equipo deportivo, etc.
- Identifica as diferenzas e semellanzas cos grupos de pertenza dos seus iguais (veciños, curmáns, compañeiros, etc.).
- Interésase polas características doutros grupos sociais, respectando as súas peculiaridades e os seus trazos (de persoas coas que convive, de compañeiros, de veciños, etc.).
- Identifica e describe algunhas das actuacións humanas máis visibles na súa contorna (edificios, coches, parques, etc.).
- Recoñece os efectos -positivos e negativos- das actuacións humanas na contorna física e expresa a súa opinión sobre iso.
- Participa na conservación e mellora da contorna (recolle papeis e lixos, coida os obxectos persoais e os comúns, respecta os animais e as plantas, etc.).
- Ordena cronoloxicamente algúns feitos relevantes da súa vida persoal e utiliza para iso as unidades básicas de tempo: hora, día, mes e ano.
- Expresa verbalmente o seu coñecemento sobre a evolución dalgún aspecto significativo da súa vida (cambios corporais, roupa, xogos, colexio, vacacións, etc.
- Recoñece os elementos principais da paisaxe da súa comunidade autónoma (relevo, augas, etc.).
- Identifica e describe oralmente os fenómenos meteorolóxicos (choiva, neve, trono, raio, etc.).
- Recoñece e describe con palabras ou con debuxos algún animal e algunha planta comúns na súa contorna.
- Realiza observacións dos elementos principais da contorna, seguindo as pautas marcadas polo profesor ou a profesora.
- Utiliza correctamente as nocións topolóxicas básicas de posición e proximidade (arriba-abaxo, dentro-fóra, dereita-esquerda, interior-exterior, etc.).
- Representa as nocións topolóxicas básicas con debuxos, situacións e xogos sobre espazos limitados e coñecidos.
- Coloca en debuxos que representan espazos moi coñecidos (habitación, aula, etc.) e rutas habituais (camiño do colexio, do parque, etc.) obxectos que previamente explorou a través dos sentidos para identificar formas e cores.
- Manifesta a súa capacidade de observación e o uso que fai dos sentidos para diferenciar os seres vivos dos inertes.
- Recoñece, coa axuda do profesor ou a profesora, as funcións básicas que caracterizan aos seres vivos.



- É quen de coñecer e clasificar seres vivos seguindo determinadas características: mamíferos, aves, plantas...
- Describe os traballos das persoas da súa contorna e identifica as actividades familiares e escolares e as profesións máis frecuentes, relacionando o nome dalgunhas profesións co tipo de traballo que realizan.
- Participa na realización de tarefas, mostra satisfacción por iso, valora a súa execución coidadosa e mantén o caderno limpo e ben presentado.
- Manipula aparellos sinxelos ou xoguetes, empregando procedementos básicos como perforar, enroscar, montar, desmontar, apertar, afrouxar, pechar, etc., e mostra destreza suficiente nestas operacións.
- Utiliza instrumentos adecuados para realizar diversas actividades con obxectos e materiais diferentes.
- Recoñece a utilidade de aparellos e máquinas próximos á súa experiencia, por exemplo, electrodomésticos, grampadoras, tesoiras, coches, barcos, etc.
- Valora os aspectos positivos do uso de aparellos e máquinas, como a axuda que prestan no traballo e as dificultades que suscita a súa carencia.

1.1.7 Criterios mínimos de avaliación do ciclo

- Recoñecer e enumerar as principais partes do corpo humano e valorar positivamente os hábitos de hixiene e alimentación saudable.
- Enumerar algunhas características físicas dos mamíferos, das aves, réptiles, peixes, anfibios e insectos.
- Recoñecer os graos de parentesco máis próximos: pais, fillos, irmáns, avós, netos, tíos curmáns.
- Nomear as partes dunha planta e as dunha flor.
- Identificar os estados da auga: sólido, líquido e gasoso.
- Clasificar os desperdicios segundo sexan lixo orgánico, inorgánico, papel ou vidro.
- Identificar a orixe dos alimentos: vexetal, animal e mineral.
- Relacionar algúns utensilios de traballo coas súas profesións.
- Recoñecer as manifestacións culturais (festas, xogos, costumes...) da propia localidade de Galicia.

1.1.8 Criterios de cualificación para a avaliación positiva na área de C. Medio

Consideramos os seguintes criterios:

- Probas orais e escritas



- Traballo diario: Rematalo e realizalo con orde e limpeza
- Participación na clase: actitude, nivel de atención e grao de esforzo e constancia
- Material: traelo a clase e conservalo limpo e ordenado
- Cumprimento de normas
- Nivel de autonomía

Para a valoración porcentual destes criterios dividímolos en tres bloques:

- Bloque 1: O **60%** da cualificación corresponderá ás **probos orais e escritas e ao traballo diario**.
- Bloque 2: O **20%** da cualificación corresponderá á **participación na clase** e ao criterio relativo ao **material**.
- Bloque 3: O **20%** da cualificación restante corresponderá ao **cumprimento de normas** e ao nivel de **autonomía**.

1.1.9 Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado

· **Avaliación inicial:** Partindo da información da familia, do informe do centro de procedencia, do informe do curso anterior e completarase cunha observación directa dos alumnos na primeira quincena do curso, a cumprimentación de fichas, pequenas lecturas, xogos, etc. e ao iniciar calquera unidade didáctica unha exploración de coñecementos previos.

· **Avaliación formativa:** A través da observación directa e sistemática sobre:

- Grado de participación e interese nas tarefas colectivas.
- Progresos e dificultades dos novos contidos.
- Revisión diaria das tarefas individuais.
- Corrección de actividades en clase en gran grupo e individual.
- As probas orais.

Así como a través da realización de probas escritas que se estimen oportunas.

Dita avaliación queda recollida no Boletín Informativo ao trimestre que se entrega ás familias.

· **Avaliación sumativa:** Realizarase ao final de cada trimestre e ao rematar o curso, sintetizando o máis relevante para facer unha estimación global do avance de cada alumno e tomar, se fose necesario, as decisións pertinentes.

No caso de tomar medidas individualizadas con respecto a evolución dalgún alumno quedará constancia por escrito na súa carpeta do expediente individual.



Instrumentos de avaliación

Como instrumentos utilizamos: Follas de seguimento, realización de probas obxectivas (controis), probas orais, exercicios escritos, control do caderno e libros ou cadernos de actividades, anecdotario, autoavaliación,...

1.2 Educación Artística

1.2.1 Obxectivos

- Reproducir as calidades do son no corpo, obxectos diversos e instrumentos.
- Coñecer distintos instrumentos musicais escolares e utilízalos para realizar acompañamentos moi sinxelos de cancións e melodías.
- Interiorizar secuencias rítmicas sinxelas.
- Identificar algunhas calidades do son, presentes no ámbito habitual, como resultado dunha exploración auditiva e lúdica.
- Elaborar instrumentos musicais sinxelos utilizando diversos materiais do entorno.
- Participar en danzas e en xogos dramáticos que integren nun todo articulado ás distintas aportacións individuais.
- Utilizar a linguaxe musical para expresar os sentimentos.
- Interpretar mensaxes e ideas musicais dun modo estético.
- Realizar producións musicais colectivas, cooperando na elaboración dun único produto final.
- Valorar e respectar as aportacións dos demais na produción dunha obra musical común.
- Memorizar un repertorio de cancións xestualizadas e de corro, axeitadas ás súas capacidades, que permitan ao alumnado relacionarse cos demais.
- Interpretar cancións e melodías ao unísono, poñendo atención ao carácter, a expresión, a dicción e a dinámica.
- Familiarizarse coa propia voz e o propio corpo como punto de partida da consolidación da autoimaxe, xermen da autoestima persoal, e da imaxe e estima dos demais.
- Observar diferentes medios de comunicación do ámbito cotián que utilicen a imaxe e o son e que poidan ser empregados como un recurso de educación artístico-musical, apreciando as súas calidades e as súas limitacións.
- Desenvolver progresivamente a capacidade crítica respecto á expresión e estética dos medios de comunicación que utilizan a imaxe e o son.



- Iniciarse na lecto-escritura da linguaxe musical, con grafía tanto convencional como non convencional.
- Confiar no valor comunicador das diversas grafías da linguaxe musical.
- Mostrar confianza nas propias capacidades musicais.
- Gozar realizando creacións musicais propias
- Iniciarse no coñecemento das costumes populares a través das cancións tradicionais.
- Desenvolar a sensibilidade e o gusto por todo o belo e creativo que achegan outras culturas.
- Observar e explorar por medio dos sentidos os elementos presentes no contorno a través de actividades de tocar, ulir, oír e ver.
- Expresar as sensacións, emocións e ideas que nos suxiren as obras de arte coas que traballemos.
- Comentar distintas obras plásticas e visuais presentes no contorno e en exposicións, museos ou en saídas.
- Mostrar curiosidade polas posibilidades artísticas que nos ofrece o contorno así como outras culturas do mundo: festas, pinturas, esculturas, decoracións,...
- Recoñecer os elementos artísticos de obras de arte.
- Aprender a comportarse de xeito adecuado en lugares adicados a manifestacións artísticas: museos, exposicións,...
- Coñecer identificadores artísticos da cultura galega así como doutras culturas do mundo.
- Observar e identificar imaxes presentes en contextos próximos: historietas, bandas de deseño, ilustracións, fotografías, etc. Observar e comparar obras artísticas.
- Relacionar unha manifestación plástica con un conto, unha lenda,...
- Transformar distintos materiais (papeis, cristais, metais, cartóns, anacos de madeira,...) en producións artísticas.
- Discriminar materiais, cores, formas, volumes ou liñas en obras artísticas, imaxes e en obxectos.
- Experimentar as posibilidades expresivas do trazo espontáneo e de mesturas con diversos tipos de pintura e en soportes diversos.
- Diferenciar a través dos sentidos a textura de diversos materiais do contorno próximo ou lonxano (follas, pedras, sal, area, plastilina, madeira,...).
- Compoñer (tanto de xeito individual como en grupo) debuxos, pinturas, colaxes, estampados, cosidos e outras obras, empregando distintos materiais (novos, de refugallo,...) e reflexionar sobre a súa elaboración.



- Construír diversos materiais (máscaras, monicreques,...) que poder usar en obras teatrais e noutras representacións artísticas.

1.2.2 Contribución dos obxectivos do área ao desenvolvemento das competencias básicas.

Competencia en comunicación lingüística

- . Valorar a obra artística.
- . Buscar a orixinalidade narrativa e formal.
- . Obter información relevante e suficiente a partir da observación.
- . Describir procesos de traballo e argumentación de solucións.
- . Desenrolar capacidades relacionadas coa fala, como a respiración, a dicción e a articulación.
- . Adquirir un vocabulario específico da área.
- . Xerar intercambios comunicativos.

Competencia no coñecemento e a interacción co mundo físico

- . Aproveitar a información xestual ofrecida polo ámbito humano e modélico.
- . Utilizar con fruición as técnicas plásticas.
- . Explorar sensorialmente os espazos.
- . Tomar conciencia da importancia de contribuír a preservar un ámbito físico agradable e saudable.
- . Utilizar o medio como pretexto para a creación artística.
- . Mostrar actitudes de respecto cara aos demais e cara a un mesmo.
- . Apreciar o ámbito a través de cores, formas, sons, texturas, etc., presentes na natureza e nas obras realizadas polo home.
- . Coñecer outras culturas do mundo a través de cancións, de fotografías, imaxes, vídeos ou por medio de debuxos feitos polos propios alumnos e alumnas.

Competencia matemática

- . Representar xeometricamente os esquemas de debuxo, e formas de seres e obxectos cotiáns.
- . Poñer en práctica procesos de razoamento e identificar a súa validez.
- . Valorar o grao de certeza dos resultados derivados do razoamento.
- . Seleccionar as técnicas axeitadas para calcular os pulsos.



- . Usar diferentes técnicas plásticas para representar e aprender distintas figuras xeométricas presentes en obxectos e seres presentes na vida cotiá.

Tratamento da información e competencia dixital

- . Transmitir información mediante técnicas plásticas.
- . Usar a tecnoloxía para o tratamento de imaxes visuais.
- . Analizar a imaxe, o son e as mensaxes que estes transmiten.
- . Buscar, seleccionar e intercambiar información sobre manifestacións artísticas para o seu coñecemento e disfrute.
- . Usar a tecnoloxía para mostrar procesos relacionados coa música e as artes visuais.

Competencia social e cidadá

- . Coidar e conservar materiais e instrumentos.
- . Traballar en equipo cooperando e asumindo responsabilidades.
- . Aplicar técnicas concretas e utilizar os espazos de xeito apropiado.
- . Seguir as normas e as instrucións dadas.
- . Expresarse buscando o acordo con actitude de respecto, de aceptación e de entendemento.
- . Coñecer a realidade na que vivimos e representala a través da música, de debuxos, murais, fotografías,...
- . Comprender e saber como viven outras culturas diferentes á nosa.

Competencia cultural e artística

- . Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- . Experimentar con técnicas e materiais diversos.
- . Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- . Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- . Ter interese polo coñecemento dos materiais.
- . Experimentar con técnicas e materiais.
- . Explorar os materiais cromáticos e gozar cos resultados obtidos.
- . Intercambiar información sobre imaxes de calquera época e cultura.
- . Representar formas presentes no espazo natural.
- . Coñecer diferentes códigos artísticos e utilizar as técnicas e os recursos que lles son propios.
- . Facilitar a expresión e a comunicación.
- . Coñecer, valorar e manter unha actitude crítica ante as manifestacións culturais e artísticas.
- . Promover a iniciativa, a imaxinación e a creatividade.
- . Apoiar e apreciar as iniciativas e as contribucións alleas.



- . Desfrutar coa arte e con outras manifestacións culturais.

Competencia para aprender a aprender

- . Ter curiosidade respecto do resultado final dunha actividade manipulativa.
- . Valorar o potencial creativo contido nas formas sinxelas.
- . Indagar e planificar procesos.
- . Esforzarse por alcanzar resultados orixinais e valorar o traballo ben feito.
- . Reflexionar sobre o proceso de iluminación.
- . Observar co obxecto de adquirir información relevante e suficiente.
- . Reflexionar sobre os procesos na manipulación de obxectos, a experimentación con técnicas e materiais e a exploración sensorial de sons, texturas, formas e espazos.
- . Utilizar os coñecementos adquiridos en situacións diferentes.

Autonomía e iniciativa persoal

- . Manipular materiais e adquirir bagaxe plástica expresiva.
- . Experimentar e gozar co uso de técnicas e materiais.
- . Desenvolver iniciativas e solucións diversas.
- . Favorecer a creatividade levando a cabo iniciativas e barallando diferentes posibilidades.
- . Fomentar a orixinalidade e a busca de novas formas innovadoras no proceso creativo.
- . Elixir os recursos tendo en conta a intencionalidade expresiva do que se desexa lograr.
- . Planificar o proceso creativo e esforzarse por alcanzar resultados orixinais.
- . Adquirir coñecementos e buscar solucións a partir da exploración e a indagación.

1.2.3 Contidos de primeiro curso

MÚSICA

Bloque 1. - escoita

- O silencio como condición cualitativa indispensable de toda audición.
- Calidades do son: altura, intensidade, timbre e duración.
- Audicións dende o ámbito máis próximo.
- Audición interior.
- Audición de pequenas pezas musicais con recoñecemento dos seus elementos formais básicos.
- Descubrimento dos elementos musicais básicos de calquera composición, dunha forma sinxela e lúdica: ritmo, melodía, harmonía e forma.



- Utilización de diferentes linguaxes para a comunicación musical: sons e danzas.
- Grafías non convencionais para música.
- Representación dos elementos musicais básicos de calquera composición musical con grafías tanto convencionais como non convencionais, dunha forma experiencial que desenvolva a intuición como proceso perceptivo de aprendizaxe.
- Ditados rítmicos, de duración e de alturas.
- Forma musical: A - B
- Interpretación dun musicograma convencional .
- Percepción das calidades de sons dende grafías non convencionais .
- Inicio da lecto-escritura dirixida da linguaxe musical.
- Iniciación ao recoñecemento dos estilos musicais doutras culturas.
- Recoñecemento do nome de instrumentos dende a súa fotografía, debuxo ou mímica no modo de tocalos.
- Distinción das agrupacións instrumentais da pequena percusión: madeira, metal e membrana.

Bloque 2. - Interpretación e Creación

- Exploración das posibilidades expresivas da voz: respiración, relaxación, emisión, articulación, fraseo, inflexións, prosodias, ton musical.
- Interpretación de cancións, rimas, trabalinguas
- Aproximación activa á música vocal doutras culturas.
- Articulación de sons onomatopéico.
- Interpretación vocal dende musicogramas non convencionais.
- Iniciación á lectura de diferentes ritmos apoiada na prosodia vocal.
- Interpretación dun repertorio de cancións con intervalos melódicos curtos, ritmos sinxelos, tesitura axeitada e que faciliten as relacións interpersoais dende un traballo cooperativo e complementario.
- Práctica de vocalizacións e xogos de alturas.
- Improvisacións vocais individuais, colectivas e en cadea.
- Desenvolvemento espacial a través do movemento e o trazo gráfico.
- O corpo propio como fundamento do movemento rítmico e de danza de forma individual.
- O propio corpo en movemento rítmico e de danza en relación cos doutros.
- O corpo como instrumento de percusión: percusión corporal.
- Percusión corporal: improvisación e interpretación de esquemas previos.
- Interpretación de cancións de corro e danzas sinxelas que non esixan unha lateralidade perfectamente definida.
- Aprendizaxe por imitación de diferentes danzas.



- Experimentación do control tónico-postural e do equilibrio estático e dinámico.
- Coordinación rítmico motora individual e colectiva, asociada e dissociada: visomanual, visoespacial, dinámica xeral.
- Práctica de exercicios de afianzamento da lateralidade e de coordinación xeral, específica e segmentaria.
- Exploración do tempo, o espazo e a comunicación total a través da mímica.
- Interpretación de movementos rítmicos e musicais con improvisación dirixida e non dirixida de xestos, posturas e desprazamentos.
- Conexión con actividades que integren a voz e o movemento simultaneamente.
- Práctica de xogos populares cotiáns, de invención ou doutros lugares e culturas.
- Análise e utilización das posibilidades sonoras dos instrumentos de pequena percusión.
- Acompañamento instrumental do repertorio de cancións.
- Dominio do control postural máis adecuado para tocar os instrumentos utilizados en clase.
- Diferenciación de timbres cunha finalidade expresiva, dentro da interpretación de pezas sinxelas.
- Construción de instrumentos sinxelos.

PLÁSTICA

Bloque 3: Observación plástica

- Observación a través dos sentidos (actividades de tocar, ulir, oír e ver) dos elementos do contorno e doutros lugares do mundo.
- Curiosidade polas posibilidades artísticas que nos ofrecen festas, pinturas, esculturas,...
- Comportamento adecuado en lugares dedicados a manifestacións artísticas e culturais: centros de interpretación, exposicións, teatros, ...
- Identificadores artísticos da cultura galega e doutras culturas do mundo: os indios.
- Observación e comentario de imaxes en historietas, bandas de deseño, ilustracións, fotografías, etc.
- Discriminación de materiais, cores, formas, volumes e liñas en obras artísticas, imaxes e en obxectos.

Bloque 4: Expresión e creación plástica



- Representar a través de debuxos un conto, unha lenda, ou outros aspectos culturais da vida cotiá.
- Manexo de distintos materiais: papeis, cristais, metais, cartóns, anacos de madeira,...
- Posibilidades expresivas do trazo espontáneo e de mesturas con diversos tipos de pintura e diferentes soportes.
- Diferenciación a través dos sentidos de distintos materiais: follas, pedras, sal, area, plastilina, madeira,...
- Composición individual e grupal de debuxos, pinturas, colaxes, cosidos e outras obras.
- Construción de diversos materiais: árbores, máscaras, monicreques,...
- Creacións artísticas a través de imaxes de revistas, prensa,...
- Liñas rectas e curvas.
- As cores: primarias e mezclas.

1.2.4 Contidos de segundo curso

MÚSICA

Bloque 1. – escoita

- Calidades do son: altura, intensidade, timbre e duración.
- Descrición das sonoridades de diferentes tipos de percusión corporal.
- Audicións didácticas de obras musicais populares e de autor.
- Execución de diferentes contextos sonoros como marco ambiental para unha representación ou unha evocación.
- Ditados: rítmicos, de alturas e de duracións.
- O silencio como condición cualitativa indispensable de toda audición.
- Audición de pequenas pezas musicais ou fragmentos sinxelos de obras maiores con recoñecemento dos seus elementos formais básicos.
- Forma musical: A-B
- Ritmo binario.
- Lectura rítmica con instrumentos e con voz.
- Invención de propostas rítmicas.
- As calidades do son a través da linguaxe musical non convencional.
- Partituras non convencionais: representación e escrituras.
- Grafías convencionais e non convencionais: negra, corchea e branca cos seu respectivos silencios.
- Relación entre o tamaño dun instrumento e a súa altura musical: canto máis grande máis grave e canto máis pequeno máis agudo.



- Notas da escala pentatónica de Do con duracións determinadas de antemán.
- Diversas lecturas de grafías convencionais.
- Reprodución de unidades musicais sinxelas: ostinatos, fórmulas rítmicas, melodías, etc.
- Recoñecemento e interpretación do ritmo nunha melodía sinxela.
- Lectura rítmica de palabras e de textos.
- Iniciación da lecto-escritura dirixida da linguaxe musical.
- Aproximación ás familias instrumentais: recoñecemento.
- Práctica de xogos populares cotiáns, de invención ou doutros lugares e culturas.
- Diferentes instrumentos populares e actuais das tres familias instrumentais.
- Folclore popular español, especialmente da nosa comunidade.
- Achegamento ao folclore artístico musical doutras culturas presentes no propio ámbito escolar.

Bloque 2. - Interpretación e Creación

- Exploración das posibilidades expresivas da voz: respiración, relaxación, emisión, articulación, fraseo, inflexións, prosodias, entoación musical.
- Práctica de vocalizacións e xogos de entoación.
- Interpretación de diferentes ritmos a través da prosodia.
- Interpretación de cancións con intervalos melódicos curtos, ritmos sinxelos, tesitura axeitada e que faciliten as relacións interpersoais.
- Práctica de vocalizacións e de xogos de entoación e fraseo.
- Improvisacións vocais individuais, colectivas e en cadea: sons onomatopéico, ritmos prosódicos...
- Aproximación activa á música vocal doutras culturas.
- Interpretación de esquemas rítmicos coa voz.
- Manter unha actitude de amor e gratitude cara aos pais.
- Interese por descubrir aplicacións prácticas do estudado para a vida persoal, social, relixiosa e eclesiástica.

1.8.5 Criterios de avaliación de primeiro curso

- Enumera comportamentos cuxo obxectivo é a conservación da natureza.
- Identifica elementos da natureza, que son agasallos de Deus.
- Diferenza bos e malos hábitos referidos á conservación da natureza e ao uso responsable da auga.
- Describe xestos de amor e de axuda entre as persoas.
- Identifica comportamentos de amor á familia e de axuda na casa.
- Recoñece e enumera comportamentos de amor e comportamentos relixiosos que achegan a Deus.
- escoitar con atención os relatos bíblicos.
- Describe como celebran o Nadal os cristiáns.
- Recoñece os principais personaxes do nacemento de Xesús no portal de Belén
- Sinala comportamentos bos e xestos de amor e de axuda aos demais.
- Enumera bos xestos e comportamentos da vida diaria.
- Sinala a Xesús como exemplo que ensina a practicar o ben cos demais.
- Identifica o apóstolo Pedro como responsable da Igrexa.
- Recoñece e describe pinturas sobre Xesús.
- Sinala os cristiáns como a familia de Deus.
- Enumera actividades e xestos relixiosos da Semana Santa.



- Relaciona os días máis importantes da Semana Santa cos acontecementos que lle ocorreron a Xesús.
- Enumera algunhas festas da Igrexa sobre Xesús.
- Relaciona obxectos cristiáns con acontecementos da vida de Xesús.
- Sinala xestos de amor e comportamentos de respecto e de boa educación.
- Expresa o significado dos principais xestos cristiáns.
- Enumera obxectos, imaxes e xestos que os cristiáns realizan no templo.
- Relaciona obxectos relixiosos con momentos da vida de Xesús.

1.8.6 Criterios de avaliación de segundo curso

- Extrae a ensinanza dun conto.
- Sabe que a Biblia é un libro moi importante para os cristiáns.
- Enumera diferentes comportamentos da vida diaria que manifestan amor.
- Expresa o máis importante que ensina a Biblia sobre Deus.
- Coñece e comprende os relatos bíblicos.
- Expresa por escrito como pedir perdón nunha situación na que se fixo algo mal.
- Describe comportamentos de amor cara ás persoas e os animais.
- Enumera actividades coas que se celebra o auténtico Nadal cristián.
- Recoñece a verdadeira mensaxe do Nadal.
- Valora a importancia do esforzo e do traballo ben feito.
- Identifica as parábolas con pequenas historias da vida diaria que conteñen unha boa ensinanza.
- Describe como os cristiáns lle expresan o seu amor a Deus.
- Escribe normas para mellorar a convivencia no seu contorno, principalmente na familia e na escola.
- Comprende o significado dos Dez Mandamentos.
- Relaciona os momentos máis importantes da paixón, a morte e a resurrección de Xesús coas súas correspondentes representacións.
- Recoñece a importancia da vida eterna para os cristiáns.
- Enumera os motivos da celebración do mes da Virxe María.
- Identifica os tempos litúrxicos e as festas do ano litúrxico.

1.8.7 Criterios mínimos de avaliación do ciclo

- escoitar e expresar emocións e vivencias
- Aprender a afrontar os problemas e atopar solucións para eles.
- Crear un sistema de valores propio baseado no respecto aos demais, a solidariedade, o diálogo e a cooperación.



- Coñecer a valorar a natureza como agasallo de Deus, e como espazo no que se desenvolve a vida.
- Comprender e valorar composicións poéticas e musicais de carácter relixioso.
- Coñecer e respectar a arte e os símbolos relixiosos.
- Recoñecer as obras e manifestacións máis destacadas do patrimonio cultural e relixioso.

1.8.8 Criterios de cualificación para a avaliación positiva na área de Relixión Católica

- O 50% obtense da proba de avaliación e da realización dos traballos sobre os contidos da área.
- O 50% obtense dos seguintes aspectos:
 - Traballo diario.
 - Participación en clase.
 - Actitude.
 - Respectar as normas de clase.

1.8.9 Procedementos e instrumentos para a avaliación da aprendizaxe do alumnado

- **Avaliación inicial:** Partindo da información da familia, do informe do centro de procedencia, do informe do curso anterior e completárase cunha observación directa dos alumnos na primeira quincena do curso, a cumprimentación de fichas, pequenas lecturas, xogos, etc. e ao iniciar calquera unidade didáctica unha exploración de coñecementos previos.
- **Avaliación formativa:** A través da observación directa e sistemática sobre:
 - Grado de participación e interese nas tarefas colectivas.
 - Progresos e dificultades dos novos contidos.
 - Revisión diaria das tarefas individuais.
 - Corrección de actividades en clase en gran grupo e individual.
 - As probas orais.

Así como a través da realización de probas escritas que se estimen oportunas. Dita avaliación queda recollida no Boletín Informativo ao trimestre que se entrega ás familias.



· **Avaliación sumativa:** Realizarase ao final de cada trimestre e ao rematar o curso, sintetizando o máis relevante para facer unha estimación global do avance de cada alumno e tomar, se fose necesario, as decisións pertinentes.

No caso de tomar medidas individualizadas con respecto a evolución dalgún alumno quedará constancia por escrito na súa carpeta do expediente individual.

Instrumentos de avaliación

Como instrumentos utilizamos: Follas de seguimento, realización de probas obxectivas (controis), probas orais, exercicios escritos, control do caderno e libros ou cadernos de actividades, anecdotario, autoavaliación,...

1.9 Avaliación do grao de consecución das competencias básicas

Entendemos que os criterios de avaliación de cada área son os que serven de referencia para valorar o progresivo grao de adquisición das competencias básicas, pero ao mesmo tempo deberán estar relacionados para poder avalialas adecuadamente.

Para establecer o grao de desenvolvemento analizaremos cada un dos criterios e utilizaremos a nomenclatura de **BAIXO** se consideramos que o alumno/a precisa mellorar o seu nivel de competencia. Se estimamos que o nivel de competencia é suficiente utilizaremos a forma de **ACEPTABLE** e usaremos as formas de **BO** ou **EXCELENTE** relacionadas respectivamente co nivel de competencia notable ou sobresaliente.

Os criterios mínimos esixibles para superar ciclo serán os que dean a categoría de suficiente, e polo tanto o da competencia básica como **ACEPTABLE**.

1.9.1 Criterios de promoción

1. Promocionará o alumnado que acade as competencias básicas para cada área do ciclo correspondente ou para a etapa, valoradas mediante os criterios de avaliación establecidos ó respecto.
2. Tamén podería promocionar aquel alumnado que non acade as competencias básicas en tódalas áreas, sempre que conorra algunha das seguintes circunstancias:
 - a) Que os contidos non aprendidos non resulten un obstáculo para poder desenvolverse adecuadamente no seguinte ciclo.



A tal fin, consideraranse fundamental ter conseguidas as competencias en comunicación lingüística en lingua castelá e lingua galega referidas escritura e lectura, e a competencia matemática relativa á numeración, resolución de operacións e problemas básicos do ciclo.

- b) En casos moi específicos e especiais debido ás características persoais do alumnado ou á ratio do grupo promocionarán, pero con Insuficiente, naquelas asignaturas en que non acadaran as competencias básicas; sempre co fin de prestarlle unha maior atención educativa.
3. A decisión de permanencia adoptarase no ciclo que se considere máis propicio. Con todo, en xeral, intentarase que se produza no 1º ciclo.
4. Nos casos de alumnado que siga unha ACI, os criterios de promoción estableceranse na propia ACI, atendendo á superación ou non dos criterios de avaliación fixados na mesma.

APROBADOS NA Comisión de Coordinación Pedagóxica en xuño de 2010

1.10 Incorporación da educación en valores democráticos como contido transversal

Aos contidos sinalados nas diferentes áreas, súmanse os relativos á educación en valores, polo seu importante compoñente moral, de actitudes, valores e normas, que pretenden unha formación integral do alumnado. Desenvolveranse de xeito illado ou desde as áreas curriculares, cun planteamento globalizador e interdisciplinar:

- Educación para a paz: a través dos traballos en equipo, tratando de favorecer o desenvolvemento da tolerancia, aceptación e valoración do outro, respecto á diversidade, resolución de conflitos a través do diálogo así como tamén por medio do tempo dedicado á resolución de conflitos na sesión seguinte ao recreo e promovendo actitudes de convivencia, solidariedade...
- Educación para a saúde e calidade de vida: traballando contidos que permitan interiorizar hábitos saudables (hixiene, alimentación,...)
- Educación ambiental: aprendendo a respectar e conservar a Natureza e a nosa contorna por medio de obradoiros de reciclaxe e educación ambiental e daquelas actividades que axudan a coñecer, gozar, respectar e coidar a contorna (actividades de limpeza do patio, sendeirismo...).



- Educación para a igualdade de oportunidades entre os sexos e a educación sexual: a través de actitudes cooperativas, coñecemento e respecto mutuo.
- Educación do consumidor: a través do coidado e respecto aos materiais da aula e do colexio; aprendendo a consumir o necesario.
- Educación moral e cívica: aprendendo a respectar crenzas, costumes, raza, etc. dos que nos rodean.
- Educación para o lecer: ofrecendo alternativas para o tempo libre.
- Educación viaria: coñecendo códigos e sinais e respectando unhas normas de convivencia básicas (como peóns, na utilización dos medios de transporte, etc.) así como a través de obradoiros de Educación viaria.

1.11 Metodoloxía didáctica

Expoñemos as decisións que adoptamos referidas á metodoloxía e a outros aspectos relativos ó como ensinar. Probablemente non se poida asegurar que hai un método mellor que outro en termos absolutos. Haberá uns métodos mellores para uns escolares que para outros, máis adecuados para uns contidos que para outros ou que se axusten mellor a un determinado momento evolutivo.

Aquí establecemos unhas liñas que, en gran medida, podemos tratar de desenvolver na práctica neste centro.

As decisións incumben a seis variables:

- Principios metodolóxicos xerais.
- Agrupamentos.
- Tempos.
- Espazos.
- Materiais.
- Relacións coas familias e co entorno.

1.- Principios metodolóxicos xerais

☞ Aprendizaxe baseada na actividade do alumnado

Empregamos actividades de carácter manipulativo sempre que entendemos que favorece a aprendizaxe e procuramos fomentar o uso de tarefas que impliquen unha aprendizaxe por descubrimento.

☞ Adaptación dos contidos ó coñecemento previo

Partimos dunha avaliación inicial dos contidos de aprendizaxe que nos permita axustar a ensinanza ó nivel diversos dos distintos escolares do grupo.



☞ Flexibilidade no desenvolvemento da actividade educativa

Empregamos distintos tipos de agrupamentos na aula:

- Gran grupo para actividades relacionadas coa comunicación de experiencias entre iguais e a presentación de contidos.
- Pequeno grupo para actividades de intercambio de información e realización de traballos.
- Parellas para apoios e titorización entre iguais como un instrumento de atención á diversidade.
- Individual para a realización de actividades e o seguimento de cada un dos escolares. Este agrupamento permitiranos prestar unha atención personalizada en función das necesidades de cada alumno ou alumna.

Aproveitamos estes diferentes agrupamentos para fomentar o traballo cooperativo. Na medida do posible, flexibilizamos os tempos escolares coa finalidade de atender á diversidade do alumnado en canto a necesidades educativas e co obxecto de facilitar a participación de nenos e nenas en actividades complementarias.

Flexibilizamos a temporalización de unidades didácticas co obxectivo de adaptar a aprendizaxe dos contidos ós diferentes ritmos do alumnado.

Utilizamos diversos soportes para a presentación e desenvolvemento dos contidos:

- Audiovisual.
- Gráfico.
- Informático.

Finalmente, usamos diferentes linguaxes:

- A verbal con carácter xeral.
- Sistemas alternativos de comunicación nos casos de alumnado con necesidades educativas que o requiren. O uso destes sistemas servirá para que o resto do alumnado poida ter contacto con eles, descubrilos, ir tomando conciencia de diferentes formas de comunicarse e coñecerlos, nun último termo.

☞ Globalización

Entendemos este principio como un tratamento dos contidos das distintas áreas de coñecemento de forma interrelacionada, a fin de impulsar a comprensión, a motivación e a funcionalidade das aprendizaxes. No primeiro ciclo de EP trataremos de abordar, cando menos, determinados temas de xeito globalizado, interrelacionando os contidos de distintas áreas. En ocasións desenvolveranse algúns dos contidos tendo en conta o proxecto de traballo común que se fomente por parte do centro dende a biblioteca.



En xeral, en EP impulsaremos de forma ocasional un tratamento globalizado de contidos concretos que pensemos que son susceptibles de ser traballados de xeito interconectado entre distintas áreas e desde diferentes perspectivas.

☞ Funcionalidade das aprendizaxes

O obxectivo é que os contidos aprendidos na escola poidan ser utilizados nas circunstancias reais en que sexa preciso. Este principio ten nunha dobre vertente: que os contidos aprendidos teñan unha aplicación práctica e que sexan de utilidade para poder aprender outros contidos. Ademais, conleva que os contidos de carácter máis práctico se poidan aplicar en diferentes ámbitos. Por exemplo, a lectura e escritura úsanse na para resolver boa parte das actividades escolares e na comprobación do resultado, para a busca e recollida de información en calquera contexto, para a comunicación de mensaxes, para organizar contidos que estamos a aprender, para o lecer, etc.

Co fin de incidir neste principio, poñemos en práctica accións como son introducir os novos contidos explicando o seu obxectivo, para que sirva, e explicitando a relación que mantén con outros contidos.

Por outro lado, tamén planificamos e desenvolvemos distintas actividades complementarias: visitas, obradoiros e outras actividades complementarias.

☞ Autonomía

Abordamos este principio mediante accións como son:

- Elaboración de normas e anticipación de consecuencias.
- Ensinanza explícita do uso da planificación para a resolución de tarefas proporcionándolles pautas a seguir e mediante o modelado.
- Fomento de hábitos de traballo na casa en colaboración coas familias.
- A corrección de tarefas polo propio alumnado coa axuda e guía necesarias en función do nivel e da idade.

☞ Interacción entre o alumnado e socialización

Ademais de actividades de traballo cooperativo e da titorización entre iguais a que nos referimos máis arriba, establecemos un tempo para o desenvolvemento da acción titorial. Por outro lado, levamos a cabo obradoiros sobre temas como educación viaria, prevención de consumo de drogas ou corresponsabilidade.

☞ Outras opcións

- A ensinanza inicial de lingua escrita basearase fundamentalmente nunha metodoloxía de tipo mixto entre a progresión sintética (alfabético-fónico) e a progresión analítica (palabra).

2.- Criterios de agrupamento do alumnado



☞ Conforme acordamos e figura no RRI, o criterio básico para a formación de grupos é a orde alfabética. Este criterio queda modulado cos seguintes criterios secundarios:

- Equilibrio entre as ratios dos diferentes grupos.
- Equilibrio entre sexos.
- Cando se adscriba un alumno ou alumna con NEE a un grupo, na medida do posible, reducirase o número de escolares da aula que acolla a esa nena ou neno.
- Ó inicio de cada ciclo ou etapa en EP distribuiranse equitativamente entre as aulas do nivel correspondente o alumnado con NEE que conte con informe psicopedagóxico e o que repita ciclo.
- Cando se produza un desequilibrio no número de alumnas/os, as/os que se incorporen ó centro serán escolarizados nos grupos de menor número.
- O alumnado de novo ingreso procedente de centros ubicados dentro do territorio español, asignarase provisionalmente a un grupo en función da idade ata dispoñer do expediente.
- En calquera momento do curso ou do ciclo poderemos cambiar de clase ó alumnado que sofre acoso e ó que presente dificultades importantes de relación e integración na aula. Esta medida poderase levar a cabo sempre que se tratase de solventar a problemática mediante intervencións concretas e non se conseguise. A decisión adoptarase na CCP tendo en conta o informe emitido polo equipo docente en que estea escolarizado o alumno ou alumna afectado/a coa colaboración do DO.
- Cando un alumno e/ou alumna procede doutro país, adscribirase ó curso que lle corresponda pola súa idade ata que se efectúe a avaliación inicial, na que participará o DO se se lle solicita. A decisión final adoptarase nunha reunión da CCP, á que asistirá o profesorado que imparte docencia no grupo de adscripción inicial.

3.- Organización dos espazos

☞ Espazos destinados a aulas

As aulas están organizadas fundamentalmente segundo o modelo aula-grupo. Son espazos reducidos, pero, con frecuencia, dentro de cada aula establécense outros espazos como o de biblioteca ou a cortiza. En EI o espazo da aula organízase en currunchos.

Con todo, tamén dispoñemos de aulas que responden ó modelo aula-materia (música, EF, relixión, informática, PT/AL).

☞ Outros espazos

Establecemos no RRI os criterios fundamentais para o emprego destes espazos. Aquí unicamente nos referimos ós usos.

- Biblioteca. Funciona como sala de usos múltiples e como centro de recursos bibliográficos.



- Corredores. Ademais da súa función básica, tamén lle atribuímos unha función de sala de exposicións.

- Ximnasio e patios. Son espazos dedicados a EF e a esparcemento, pero tamén á celebración de eventos festivo-culturais.

4.- Organización dos tempos

A organización dos tempos está delimitada polas posibilidades que permiten tanto horario laboral coma a atención das distintas disciplinas académicas no horario escolar. Aínda así, na medida do posible, fundamentalmente as persoas responsables das titorías adoitan flexibilizar o horario das asignaturas que imparten co fin de responder máis axeitadamente ás necesidades educativas do alumnado que atenden. Por outra parte, esta flexibilización permite abrir a posibilidade de participación do alumnado en actividades de carácter complementario.

Respectando o marco descrito, temos establecidos tempos semanais a nivel de centro para:

- Lectura
- Titoría

5.- Materiais curriculares e recursos didácticos

☞ Materiais comúns

En primeiro lugar, procuramos que estes materiais e recursos sexan variados e que respondan ás necesidades e intereses do alumnado.

En segundo lugar, sempre que exista a posibilidade, baseámonos no criterio de que permitan a interactividade.

En terceiro lugar, organizámolos tanto por aulas coma a nivel do centro dende os distintos equipos e departamentos constituídos.

Para a selección temos en consideración:

- Que non sexan discriminatorios.
- Que permitan un uso comunitario.
- Que respecten o medio.
- Que non sexan demasiado sofisticados.

☞ Libros de texto



Para a súa selección utilizamos os seguintes criterios:

- Comprobar que os obxectivos correspóndense cos do centro.
- Verificar se hai correspondencia entre os contidos e os obxectivos.
- Revisar se a secuencia de contidos se corresponde coa do centro.
- Comprobar se os criterios de avaliación se adecúan aos do centro.
- Analizar se se propoñen actividades dirixidas a distintos momentos do proceso de ensinanza/aprendizaxe e para distintos niveis e ritmos de aprendizaxe: introdución-motivación, coñecementos previos, desenvolvemento, consolidación, recuperación, ampliación e avaliación.

6.- Relación coas familias e co entorno

A relación coas familias debe favorecer-la conxunción de intereses e actuacións educativas que inciden sobre os escolares e resolve-las dificultades que poidan aparecer, pero tamén poden ser un cauce para facilita-la relación co entorno.

Para a consecución do obxectivo tratamos de intercambiar información e procurámo-la súa colaboración. Como instrumentos, entre outros, utilizamos reunións grupais e entrevistas individuais, así como folletos informativos.

Por outra parte, a apertura da escola ó entorno esixe manter relación coas institucións locais, grupos sociais, etc. que poñan a disposición da escola recursos mediante os cales a educación se incardine no entorno. Ó respecto, mantemos unha comunicación fluída coa corporación municipal, coa ANPA entre outras institucións e asociacións.

1.12 Medidas de atención á diversidade

Introdución

A diversidade do alumnado refírese non só ós diferentes ritmos de aprendizaxe, ás capacidades para aprender e ós coñecementos iniciais do alumno, que lle permiten interpretar, con maior ou menor acerto, a nova información que se lle presenta. Tamén fai referencia a outros aspectos que inflúen entre sí reciprocamente, como son: os intereses e motivacións, modelados por unha serie de factores como o medio socio-cultural de procedencia ou as estratexias de que dispón cada quen para afronta-los diferentes contidos; os estilos de aprendizaxe, no referente, por exemplo, a preferencias de agrupamentos ou capacidade de atención-concentración; as expectativas respecto do seu futuro escolar e profesional, derivadas da propia historia social e escolar e medio de procedencia; as habilidades sociais que facilitan, ou dificulta a súa



falta, o participar con máis ou menos garantías nas interaccións educativas e no medio escolar en xeral; finalmente, a diversidade do alumnado fai referencia ó seu autoconcepto e á súa autoestima.

A atención a esta diversidade afecta a tódolos escolares do centro, pero en maior grao, se cabe, á intervención con aquel alumnado encadrado entre o de necesidades específicas de apoio educativo. Require a planificación e desenvolvemento dun conxunto de medidas que permitan axusta-la resposta educativa ás distintas características do alumnado do centro. Debe asentarse, por un lado, na prevención, detección temperá e medidas específicas. Por outro lado, é imprescindible a colaboración entre os profesionais implicados na atención do alumnado, pero tamén é fundamental a colaboración entre institucións e a colaboración de toda a comunidade educativa.

No noso centro tratamos de implementar unha serie de actuacións que permitan un desenvolvemento do proceso de ensino-aprendizaxe nas mellores condicións posibles. Deseguido detallamos estas actuacións que deberemos ir definindo con maior amplitude e concreción no Plan de Atención á Diversidade.

I. Medidas ordinarias de carácter xeral

Incluimos neste grupo tanto aquelas actuacións que non constitúen unha variación substancial dos elementos prescritivos do currículo, como aquelas que supoñen a adopción de acordos a nivel de centro e que afectan a todo o alumnado ou aquelas actuacións vinculadas a aspectos e contidos relacionados coas competencias social e cidadá e de iniciativa e autonomía persoal, tratados vía acción titorial.

1. Plan de Orientación Educativa

Neste documento abordamos esencialmente dous ámbitos de intervención:

- Plan de atención ó proceso de ensino-aprendizaxe. Neste plan establecemos uns obxectivos a longo prazo e unhas pautas de actuación de carácter xenérico no ámbito de atención ás dificultades de aprendizaxe, ademais do procedemento a seguir. Deberemos complementar estas accións co Plan de atención á diversidade que inclúa, entre outros aspectos, o plan de detección e atención temperá.
- Plan de acción titorial no que se formulan obxectivos a longo prazo e se propoñen actuacións en relación cos obxectivos.

2. Avaliación e promoción

No que se refire a este aspecto, empregamos unha serie de medidas que son de utilidade no que respecta tanto á atención do alumnado coma a adopción de decisión o



máis axustadas posible a cada situación individual. A continuación enumeramos estas medidas.

- Dispoñemos de documentos para trasladar entre etapas a información que se considera máis relevante acerca do alumnado.
- Pártese dunha avaliación inicial que permite axustar o ensino ás posibilidades dos escolares.
- Elaboráronse criterios mínimos de avaliación por ciclo.
- Elaboráronse criterios de promoción.

3. Criterios para a formación dos grupos de alumnado

Xa aludimos a estes criterios no apartado dedicado á metodoloxía. De forma moi sucinta lembramos que o criterio básico para a formación de grupos é a orde alfabética. Este criterio queda modulado mediante criterios secundarios. Algúns destes criterios, que expoñemos con maior detalle no apartado citado, son o equilibrio entre as ratios e entre sexos, a compensación en canto a NEE, a posibilidade de reubicar nun grupo diferente a alumnado por motivos de relación ou integración.

4. Metodoloxía

A metodoloxía é un dos elementos esenciais na resposta á diversidade de necesidades educativas do alumnado. No apartado dedicado á metodoloxía expoñemos os acordos de centro orientados á implementación dun enfoque asumible nestes momentos que facilite as aprendizaxes dos escolares que atendemos.

Por este motivo, aquí reseñamos de forma moi breve os principios e actuacións básicos que intentamos levar á práctica:

- Individualización
- Reforzo na aula por parte do profesorado de área correspondente mediante actividades complementarias, flexibilizando a secuencia de contidos, adecuando o procedemento de avaliación, a organización da aula ou os agrupamentos, entre outras actuacións que non afecten ós elementos prescritivos do currículo.

- Ampliación ou profundización naqueles casos de escolares con alta capacidade intelectual.

- Titorización entre iguais

5. Atención a alumnado estranxeiro

Neste momento unicamente dispoñemos dun acordo básico sobre o procedemento para ubicar ó alumnado, acordo que figura no RRI.



Por outra parte, tratamos de atender con apoios por parte da mestra de AL ó alumnado con carencias graves no plano curricular ou que descoñecen os idiomas vehiculares.

Estase a prestar esta atención atendendo a:

- Idade
- Circunstancias persoais
- Coñecementos e historial académico

6. Plan de convivencia

Con este documento tratamos de articular a nosa intervención no que atinxe a aspectos relacionados coas competencias social e cidadá e autonomía e iniciativa persoal, competencias sobre as que tamén incidimos mediante a acción titorial.

Co fin sinalado, no plan de convivencia propoñemos actuacións de cara á prevención de conflitos (acollida e integración de alumnado, relación coas familias, ...) e para a resolución non violenta dos mesmos.

Coa incorporación ao centro dos contratos programa no eido da convivencia utilizaranse xogos de patio (tradicionais e cooperativos) para prever e paliar conflitos que se producen habitualmente no patio de recreo.

7. Contratos programa

Coa incorporación ao centro dos contratos programa no eido do reforzo de lecto-escritura e cálculo, o alumnado con necesidade de reforzo educativo terá apoio específico en determinadas sesións. Este apoio será dentro ou fóra da aula segundo criterio do profesorado titor en función das características do alumno.

II. Medidas específicas

Teñen como finalidade a adecuación do proceso educativo a determinados escolares que presentan necesidades educativas especiais, dificultades de aprendizaxe importantes ou que precisan dun axuste ás súas altas capacidades.

1. Apoios de PT e AL

Estes apoios efectúanse tanto na aula ordinaria coma nas aulas específicas.

Préstaselle atención a alumnado con déficit cognitivo e/ou con desfase curricular significativo, así como a alumnado con dificultades específicas nos ámbitos de linguaxe oral, escrita e matemáticas.

Incídese esencialmente nos eidos que acabamos de sinalar (área lingüística e matemáticas), pero tamén en hábitos e rutinas ou estimulación motriz e cognitiva.

2. ACS



Como establece a normativa, empregamos esta medida en casos que requiren modificacións significativas nun ou máis elementos prescritivos do currículo. Polo tanto, poderá afectar tanto a alumnado con necesidades educativas especiais coma a alumnado con alta capacidade intelectual.

En termos xerais, os criterios e procedemento básicos no deseño e desenvolvemento son:

- Recollida de información por parte da persoa encargada da tutoría e a xefatura do D.O.
- Emisión de informe psicopedagóxico.
- Reunión do profesorado que lle imparte clase ó alumno/a, profesorado de PT/AL, xefatura do D.O. e Xefatura de Estudos para decidir se procede a elaboración da ACS e en que áreas.
- O titor ou titora comunicarlle á familia a decisión.
- O profesorado correspondente a cada área obxecto de adaptación elaborará a ACS, coa colaboración do profesorado de PT e AL, ademais da colaboración da xefatura do D.O.
- A mestra ou mestre que rexente a tutoría manterá contactos periódicos co profesorado de PT e/ou AL, co obxecto de coordina-la actuación educativa.
- Cando menos, en cada sesión de avaliación efectuarase unha revisión da evolución.

3. Flexibilización do período de escolarización

É unha medida que consiste na permanencia excepcional nunha etapa durante un curso máis, no adianto de curso ou na redución da duración dunha etapa. Empregamos a permanencia excepcional nunha etapa co alumnado con necesidades educativas especiais, seguindo o establecido na normativa e coa conformidade da familia afectada. As outras dúas medidas adoptarémolas con escolares de alta capacidade intelectual e segundo a normativa vixente ó respecto.

4. Escolarización combinada

Como medida específica, está dirixida a alumnado con necesidades educativas especiais que, tralo preceptivo ditame e coa conformidade das familias, se considere como a opción máis axustada ás súas necesidades, tendo en conta os recursos con que contamos.

1.13 Medidas para o fomento da lectura



LECTURA NAS DIFERENTES ÁREAS

No noso traballo diario e en tódalas áreas, pretendemos ao longo do curso:

1. Consolidar os mecanismos lectores.
2. Integrar a lectura nas tarefas diarias da aula
3. Fomentar a lectura dende a oralidade.
4. Formar lectores e lectoras competentes.
5. Crear e consolidar hábitos de lectura.
6. Adquirir responsabilidade no uso e manexo dos libros.
7. Utilizar a biblioteca de aula e a biblioteca do Centro como Centro de Recursos

Co fin de conseguir os obxectivos propostos realizaremos **diariamente as seguintes actividades:**

- Traballar xogos de discriminación de sons.(1º nivel)
- Traballar actividades gráfico-fónicas (1º nivel)
- Lectura de imaxes e ilustracións dos contos
- Lectura diaria silenciosa e en voz alta do alumnado e en ocasións do profesorado.
- Lectura en diferentes soportes (prensa, revista, conto, cómic...) e distintos tipos de letra.
- Dramatizar as lecturas.
- Expresar sentimentos e emocións derivados dunha lectura.
- Narrar contos coa voz, con expresividade e entoación.
- Traballar actividades de vocabulario.
- Explicar por partes un enunciado
- Realizar actividades de comprensión lectora, desmenuzando os textos.
- Resumir o lido
- Ordenando temporalmente distintas oracións.
- Crear os seus propios textos e lerllos aos compañeiros : rimas,contos, adiviñas...

TEMPO DE LER

Obxectivos:

- Apreciar o valor dos textos literarios e utilizar a lectura como fonte de disfrute e información, á vez que de riqueza persoal.
- Desenvolver actitudes emocionais e positivas cara o uso da lectura no tempo de lecer
- Desenvolver estratexias para ler con fluidez e entoación adecuadas.



Dentro do horario do Centro de 12:30 a 12:50 realizamos 20 minutos diarios de lectura. Neste tempo le todo o profesorado e o alumnado. O profesor/a encargado deste momento e un titor ou un especialista. Realízase de diferentes maneiras segundo as aulas: nalgunhas o alumnado trae o seu propio libro da casa, noutras len os libros de biblioteca de aula ou os libros de préstamo da biblioteca do Centro ,outras veces lese colectivamente e en voz alta un libro de lectura, etc. As veces, lectura en alto por parte do titor, ou posta en común de impresións sobre libros lidos...

BIBLIOTECA DO CENTRO

Todas as aulas teñen asignado no seu horario semanal unha hora para o disfrute da biblioteca do Centro .

Neste momento realízanse os préstamos de libros, hai un tempo dedicado á lectura ou á busca de información.

1.14 Acción titorial

Unha sesión semanal será dedicada a traballar co alumnado no Plan de Acción titorial deseñado polo Departamento de Orientación.

1.15 Medidas para a incorporación das tics ao traballo de aula

Nas nosas aulas dispoñemos dun ordenador, dun canón e un encerado dixital en cada unha das aulas do ciclo para o noso traballo diario. A través desta ferramenta traballamos a lecto-escritura, numeración e cálculo, lingua extranxeira e os diferentes contidos curriculares. Traballamos tamén diferentes contidos educativos na web do noso Centro e na rede.

Dentro do horario do Centro dispoñemos dunha hora semanal para acceder á sala de informática.

Coa creación do blogue do 1º ciclo incorpóranse nel a maioría das actividades traballadas para o seu uso educativo tanto nas aulas como no ámbito familiar. Algúns dos traballos do alumnado formarán parte do contido do blogue.

1.16 Recursos didácticos

Primeiro nivel do 1º ciclo:

- Libros de texto da Editorial Santillana: Proxecto " Los caminos del Saber": Lengua Castellana 1 Primaria, Matemáticas 1 Primaria, Religión Católica 1 Primaria, Música 1 Primaria (en castelán).
- Libros de texto da Editorial Obradoiro Santillana: Proxecto " Os camiños do Saber": Lingua 1 Primaria, (en galego).
- Lectura: Letra a letra, Cartilla de lectura. Editorial: Santillana. Proyecto " Los caminos del Saber" (en castelán).
- Libro de texto de inglés: Big Surprise! 1 ClassBook + Multirom .



Segundo nivel do 1º ciclo:

- Libros de texto da Editorial Santillana: Proxecto " Los caminos del Saber": Matemáticas 2 Primaria, Religión Católica 2 Primaria, Música 2 Primaria (en castelán).
- Un caderno de ortografía en pauta 2 e un caderno de ortografía en pauta 3.
- Libros de texto da Editorial Obradoiro Santillana: Proxecto " Os camiños do Saber": Lingua 2 Primaria, Coñecemento do Medio 2 Primaria (en galego).
- Lectura: Lecturas 2 "A nave dos libros". Editorial: Obradoiro Santillana. Proxecto: "Os Camiños do Saber" (galego) e Lecturas 2 "La nave de los libros". Editorial: Santillana (en castelán). Proxecto " Los caminos del Saber" así como un libro de lectura para cada clase: en 2º A, "Un buen rato con cada plato" e en 2º B, " El oso cansado" de Alfabuara Infantil.
- Libro de texto de inglés: Big Surprise! 2 ClassBook + Multirom .

Outros materiais: dicionarios, fichas de reforzo e ampliación, radio-cassette, ordenador, canón, encerado dixital, así como outro material audiovisual, biblioteca de aula, biblioteca de centro, aula de informática co correspondente equipamento, recursos específicos para cada área, todos os recursos que nos ofrezca a contorna, etc.

No 1º nivel, traballarase o coñecemento do medio con material curricular elaborado polo profesorado e apoiado por diferentes recursos dixitais: vídeos, documentais, xogos interactivos, flash e no 2º nivel traballarase a lingua castelán tamén con material curricular elaborado polo profesorado e apoiado por diferentes recursos dixitais: vídeos, documentais, xogos interactivos, flash ...

1.17 Actividades complementarias e extraescolares

A proposta de actividades e saídas lúdico-culturais a realizar recolle as suxeridas polas áreas de Inglés, E. Física e música e algunha outra determinada polo ciclo relacionada coas demais áreas do currículo ademais da participación do ciclo nas actividades, celebracións e conmemoracións, que aparecen no plan de actividades do Equipo de Actividades Complementarias e Extraescolares, así como nas especificadas para o ciclo polos demais equipos (Dinamización da lingua galega, Tics, Biblioteca, Orientación...):

- Visitas culturais.
- Concertos de música dentro ou fóra do centro.
- Saída de sendeirismo.
- Teatro dentro ou fóra do centro.
- Actividades educativas programadas polos concellos de Ames e Santiago,
- Calquera outra actividade ou saída de interese que se realice dentro do horario escolar.

En función das necesidades do Ciclo, estas actividades poderán ser ampliadas, reducidas ou modificadas ao longo do curso.



1.18 Avaliación da programación

A actuación docente baséase no modelo pedagóxico de cada persoa, sexa explícito ou implícito, pero desenvólvese nun contexto complexo no que distintas variables inciden no deseño e desenvolvemento dos programas e nos resultados que se acadan. De aí a necesidade de que o equipo docente leve a cabo unha valoración do conxunto dos elementos que conforman o proceso de ensino-aprendizaxe e que inflúen no labor educativo.

Esta valoración debe ser un proceso que comeza coa avaliación inicial e prosigue cunha observación e reflexión continuadas. Nunha última instancia, a avaliación deberá permitir adoptar decisións que favorezan a mellora do proceso.

Para efectuar a avaliación, é preciso delimitar os elementos a avaliar, os ámbitos ou unidades de análise que imos valorar, aqueles que entendemos que son as variables con maior peso de cara á optimización dos resultados. No noso caso, aínda sendo conscientes de que a avaliación debe incidir nun maior número de elementos, tanto curriculares coma organizativos, inicialmente centrarémonos en aspectos relacionados co estritamente curricular. Máis concretamente, centrarémonos fundamentalmente nalgúns aspectos referidos a obxectivos, contidos, criterios de avaliación e metodoloxía. A súa análise, de forma paulatina e progresiva, facilitaranos ir afondando na valoración destes elementos e ir ampliándoa a outros, como poden ser aqueles relacionados coa metodoloxía, atención á diversidade, uso de materiais ou instrumentos e procedementos de avaliación.

Obxectivos e contidos

Elementos	1	2	3	4	5
1. Hai unha adecuada correlación entre os obxectivos de cada ciclo e os xerais de etapa					
2. Valora o nivel de adecuación entre os obxectivos e os criterios de avaliación na Programación Docente					
3. Hai equilibrio e progresión na secuencia de contidos no ciclo					
4. Hai equilibrio e progresión na secuencia de contidos entre ciclos					
5. Conseguimos impartir os contidos propostos na Programación Docente					
6. A secuencia de contidos da Programación Docente facilita a súa flexibilización dentro do ciclo de cara á atención á diversidade do alumnado					
7. Os contidos dos libros de texto reflicten os da					



Programación Docente					
8. A avaliación inicial e a información de final de ciclo facilitan a adopción de decisión respecto á necesidade de flexibiliza-la secuencia de contidos en determinados casos					
9. Nivel de conexión entre actividades complementarias e extraescolares e os obxectivos da Programación Docente					

Criterios de avaliación

Elementos	1	2	3	4	5
1. Os criterios mínimos de avaliación refírense a competencias básicas					
2. Os criterios mínimos de avaliación reflicten unha progresión na consecución de competencias básicas entre ciclos					
3. Os criterios mínimos de avaliación son de utilidade para valora-lo coñecemento mínimo do ciclo que permita seguir con aproveitamento o seguinte ciclo					
4. Os criterios mínimos de avaliación orientan sobre o ensino do fundamental do ciclo					
5. Os criterios mínimos de avaliación orientan na toma de decisión á hora de decidir sobre a elaboración de ACS					

Metodoloxía

Elementos	1	2	3	4	5
1. É suficiente o tempo adicado a lectura e escritura					
2. Valora o deseño e aplicación das estratexias de comprensión lectora					

Clave1= Nada; 2= Pouco; 3= Suficiente; 4= Ben; 5= Moi Ben



1.19 Anexos

1.19.1 Directrices e instrumentos para a Avaliación inicial

1º Ciclo

Linguas galega/castelán

Nome _____ Grupo _____	Curso académico _____			
		S	CD	N
1. Comprende un relato oral				
2. E capaz de discernir se unha frase é absurda ou ten sentido o que di				
3. E capaz de relacionar frases que se lle lean con debuxos como se fosen adiviñas				
4. E capaz de expresar sentimentos e experiencias				
5. Describe brevemente de forma oral obxectos, situacións, lugares				
6. Ordena historias de máis de 2 elementos				
7. Explica de que trata un conto que se lle lea coa axuda de preguntas para guía-lo relato				
8. Interésase por descifra-las mensaxes escritas do entorno (carteis, etiquetas, instrucións...)				
9. Identifica as letras en maiúsculas e minúsculas				
10. Escribe letras en maiúscula				
11. Escribe letras en minúscula				
12. Copia palabras				
13. Escribe o que se representa en debuxos (obxectos, animais, persoas, etc familiares)				
14. Escribe o título dun conto coñecido tendo á vista debuxos alusivos ó mesmo				
15. Contar unha historia por escrito (trátase de valorar que é capaz de facer e con que tipo e cantidade de axuda)				
16. Diferenza cales son as palabras nunha oración				
17. Ten unha letra lexible				



18. Controla o sentido e a dirección do escrito			
Observacións			

S= Si CD= Con Dificultade N=Non

1º Ciclo

Matemáticas

Nome _____ Grupo _____	Curso académico _____		
	S	CD	N
1. Clasifica debuxos atendendo simultaneamente á cor e ó tamaño			
2. É capaz de categorizar obxectos, animais (ferramentas, prendas, alimentos, etc)			
3. Conta obxectos ata 10			
4. Lé e escribe ata 10			
5. Suma obxectos ata 10			
6. É capaz de relacionar cardinal co número de obxectos ou debuxos ata 10			
7. É capaz de seguir unha serie con figuras xeométricas e cores			
8. É capaz de seguir unha serie con números			
9. Utiliza conceptos temporais básicos (antes/despois, hoxe/onte/mañá, mañá/tarde/noite)			
10. Utiliza conceptos de cantidade básicos (cheo/baleiro, moitos/poucos/nada, máis/menos/igual, tanto como, enteiro, cada)			
11. Utiliza conceptos espaciais básicos no espazo real e no papel (arriba/abaixo, dentro/fora, cerca/lonxe, xunto a, entre, diante/detrás, centro/lado)			
12. Resolve manipulativamente problemas formulados oralmente que impliquen quitar e poñer			
Observacións			

S= Si CD= Con Dificultade N=Non